

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2020

Desde 1992, cada 10 de outubro celébrase o Día Mundial da Saúde Mental por iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental (WFMH) e co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS)..

Este ano o lema internacional elixido é **“Saúde mental para todos. Maior investimento, maior acceso”** reiterando a idea de que, para que a saúde para todos sexa unha realidade, os gobernos deben investir en saúde mental.

Desde esta perspectiva, a Confederación SALUD MENTAL ESPAÑA propón o lema **“Saúde mental, unha prioridade global”** mediante o que se busca transmitir ás institucións públicas a necesidade urxente de investir en saúde mental e contar con recursos adecuados e suficientes para atender as necesidades da poboación. A modo de exemplo, resaltan que a ratio de profesionais da Psicoloxía Clínica en España é tres veces inferior á media europea.

A OMS afirma que, entre outras consecuencias da pandemia do COVID19, espérase que as necesidades de apoio psicosocial e en materia de saúde mental aumentarán considerablemente nos próximos meses e anos, polo que investir nos programas de saúde mental no ámbito nacional e internacional, infrafinanciados desde hai anos, é agora máis importante que nunca.

Como cada ano, desde o Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccions (PLDA) de Vigo aproveitamos esta data para dar visibilidade ao traballo cotián das entidades que o conforman e de moitas outras que operan neste ámbito na cidade de Vigo, manifestar pleno apoio ás accións do Día Mundial da Saúde Mental e reiterar o compromiso para seguir traballando en axuntar esforzos para conseguir unha saúde mental para todos.

Unímonos ao obxectivo do Día Mundial da Saúde Mental e animamos a todos os sectores implicados a traballar xuntos, institucións, gobernos, profesionais, medios de comunicación e resto de sociedade, para conseguir un xusto e necesario incremento dos investimentos para mellorar a saúde mental.

Vigo, 10 de outubro de 2020

Presidenta del PLDA de Vigo

*Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo
Yolanda Aguiar Castro*

Director técnico del PLDA

Francisco Otero Lamas